



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

No referente ao posible emprego da contratación temporal por razóns xustificadas, afirma que sendo certo, tamén é certo que hai enfermeiras con máis de dez anos de servizo a través de contratos temporais.

Finaliza a súa primeira intervención, propoñendo o apoio de todo o pleno ao colectivo de Enfermeiras en loita, para que poidan ser escoitadas as súas demandas.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese una segunda quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceseiro do grupo municipal do BNG.

O Sr Villamil, comeza a súa segunda quenda de intervención, agradecendo ao voceiro de FPF que destacara a participación do BNG en defensa do colectivo en Europa, xa que tratase dunha cuestión que dende o seu grupo non querían resaltar.

Defende o contido da moción presentada e a defensa do colectivo de Enfermeiras en loita e non doutros colectivos tamén necesitados como os bombeiros forestais, na medida en que no mes de marzo pasado, mes no que debiera ser debatida a moción, fixo un ano que este colectivo comezou as mobilizacións en defensa dos seus dereitos laborais.

Denuncia que o problema da contratación eventual, está motivado pola falta de cobertura das vacantes existentes e que responden a servizos estruturais e non puntuais, sendo que a través desta forma de xestionar os recursos humanos se estea a poñer en risco a propia saúde dos sanitarios de dos pacientes.

Finaliza a súa intervención, afirmando que non se pode definir a xestión do goberno autonómico na recente pandemia como exemplar, senón que as condicións propias da comunidade fixeron que o seu impacto fora distinto que no resto da península.

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, toma a palabra o Sr Alcalde para responder ao Sr Rivas que a defensa do colectivo de enfermeiras en loita e non doutros colectivos, responde a que no caso que se somete a debate, a figura de empregador é asumida por unha administración pública, e polo tanto, ten a obriga de ser exemplar na xestión de recursos humanos.

A continuación, o concelleiro D. Juan Rivas polo grupo municipal do PP, toma a palabra para inicialmente responder ao concelleiro de FPF e defender, que os contratos eventuais existen tanto no sector público como no privado, destacando que coa súa intervención o que pretendeu, foi denunciar que a situación de precariedade laboral non se restrinxe ao colectivo de enfermeiras eventuais, senón que afecta a outros moitos colectivos que tamén poderían merecer ser defendidos.

O voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, fai uso da súa segunda quenda de intervención, para responder ao Sr Rivas que sendo certo a existencia de contratos eventuais en moitos sector, non coñece ningún no que un/ha traballador/a leve máis de dez anos con contratos renovados cada certo tempo.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a votación ordinaria, o Concello



Pleno polo voto a favor dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE; BNG e FPF, e a abstención dos/as seis (6) concelleiros/as presentes do grupo político PP, aproba o seguinte acordo:

PRIMEIRO. A apoiar as reivindicacións do colectivo de Enfermeiras eventuais en loita.

SEGUNDO. A instar ao SERGAS e a Xunta de Galiza a mellora das lamentables condicións laborais coas que presiona e condiciona o seu traballo.

TERCEIRO. A poñer fin a precariedade e a falta de recoñecemento deste colectivo, cerne do Sistema público de Saúde da Galiza.-

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE PROPOSTA GRUPO MUNICIPAL PP CREACIÓN PLAN POSCOVID FOZ DE AXUDAS PARA REACTIVAR O TECIDO EMPRESARIAL E O EMPREGO NO CONCELLO DE FOZ.-

Polo Sr Alcalde, concédese a palabra ao Secretario municipal para dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno de data 28 de maio de 2020 sobre proposta grupo municipal PP para creación Plan Poscovid Foz de axudas para reactivar o tecido empresarial e o emprego no Concello de Foz, cuxo teor literal é o seguinte:

A principio de ano, detectase en China a presenza dun virus chamado COVID19, moi contaxioso e perigoso que afectaba ao sistema respiratorio chegando a causar a morte de moitos dos pacientes graves e co risco de poder ser transmitido a outros países sen existir medicación expresa nin vacina para o mesmo.

Pasados varios meses sen tomar decisións, e vendo que outros países coma Italia xa estaban empezando a sufrir gravemente a Pandemia, o 14 de marzo o Goberno de España finalmente decretou o estado de alarma e o confinamento da poboación ante a situación de extrema gravidade que xa estaba producindo o virus COVID19 no noso país.

A pouca previsión e o nulo caso feito aos informes e recomendacións dos organismos internacionais levou ao noso país a unha situación inaudita na historia moderna, co confinamento que dura xa máis de 60 días, o colapso do sistema sanitario e máis de 27.000 falecidos a día de hoxe.

Ademais do drama sanitario que aínda segue afectando a moitos españois cos queremos compartir a nosa dor, son moitos os negocios e empresas afectados polo peche e a parada de produción e que está ocasionando grandes perdas tanto económicas como laborais.

O 4 de maio empezou o proceso de desescalada no que aínda nos atopamos e que estableceu varias fases para saír do confinamento e con elo apertura en precario de moitos negocios que ven como o ano está practicamente perdido debido á incidencia da pandemia da que non se prevé atopar vacina a corto prazo.

Ante esta situación entendemos que o Concello de Foz non debe permanecer pasivo, é certo que se decretou a exención de certos servizos públicos e taxas, tal e como solicitara previamente o Partido Popular, pero cremos que é totalmente insuficiente, como foi insuficiente e practicamente nula a compra e reparto de material de protección por parte do Concello de Foz, que apenas se





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

dedicou a repartir o material que primeiramente lle concedeu a Xunta de Galicia en varias entregas e posteriormente o Estado e a Deputación de Lugo en menor medida.

O Partido Popular de Foz mantivo en todo momento unha posición de lealdade institucional a pesares de que o goberno municipal non convocou aos portavoces unha soa vez e non se contou coa opinión da totalidade dos grupos da corporación municipal.

Cremos que non se pode esperar máis, outros concellos xa o están a facer, é o momento de reactivar o noso tecido económico e conformar un plan de axudas a empresas e familias afectadas polo parón da actividade e que levou á petición de varios Ertes que afectan a centos de veciños de Foz.

Informados/as os/as Sres./as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as quendas de intervención e, sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno polo voto a favor dos/as catro (4) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e de FPF, e a abstención dos/as cinco (5) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG aproba do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- *INSTAR ao goberno municipal a elaborar un Plan Poscovid de Foz con axudas plantexadas para empresas e familias afectadas pola crisis do COVID19.*

SEGUNDO.- *INSTAR ao goberno municipal a dotar unha cuantía mínima de 500.000 € de crédito ese Plan Poscovid de Foz que pode vir de diferentes fontes de financiamento, como é o orzamento 2020, o Plan Único 2020 ou mesmo o remanente de tesourería do Concello de Foz.*

TERCEIRO.- *INSTAR ao goberno municipal a crear unha comisión de seguimento do Plan onde esteñan representados os grupos municipais máis un representante da Aciá de Foz.-*

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, concedendo a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a. Verónica Soto Piñeiroa, que leva a cabo a lectura da moción que consta anteriormente transcrita.

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, toma a palabra a concelleira Inés López Couto, quen inicialmente denuncia que o documento proposto polo grupo municipal do Partido Popular representa en realidade un rogo e non unha moción.

Pregunta ao grupo municipal do PP sobre os criterios empregados para o cálculo dos 500.000 euros de gasto propostos, así como, se teñen coñecemento do número de beneficiarios potenciais das axudas propostas.

A continuación a Sr López Couto, convida a repasar as competencias municipais previstas no artigo 25.2 da Lei de bases de réxime local, e por outra banda, as medidas acadadas polo goberno central dirixidas ao impulso da economía, como son os ERTE; as moratorias nas hipotecas; os créditos ICO ou a máis recente axuda mínima vital.

Remata a súa intervención, asegurando que o goberno municipal do concello de Foz está coa veciñanza e que colaborará en todo o que sexa posible, como veñen demostrando nos últimos meses.

O Sr Alcalde, concede a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, quen ao igual



que a Sr López cuestiona que a cifra proposta na moción presentada polo PP parece aleatoria.

Destaca a falta de competencias municipais en materia de política económica, sendo que dita competencia corresponde á Xunta de Galicia, á cal non se cuestiona na moción, sendo posible a coordinación de accións entre Fegamp e a Xunta de Galicia.

Finaliza a súa primeira intervención, recoñecendo que dende o concello xa se teñen tomado determinadas medidas, estando pendentes de implementación novas medidas coas que agardan axudar na medida do posible á veciñanza.

Pola súa banda, ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto, afirma ter claro que a necesidade neste momento é axudar ao comercio e ao turismo da vila, expresando o desexo de traballar todos xuntos na procura de formas de apoio á veciñanza aproveitando o coñecemento que cada un dos/as concelleiros/as teñen nos distintos sectores da vida local.

A continuación, polo Sr Alcalde-presidente ábrese una segunda quenda de intervencións, concedendo a palabra a D^a Verónica Soto quen intervén polo grupo municipal do PP. A Sr Soto limita a súa intervención, a defender que o importe proposto é orientativo xa que denuncia, durante os últimos meses o goberno local non tivo a ben facilitarles información de ningún tipo en relación coa situación que se estivo a pasar.

Polo grupo municipal do PSG-PSOE, a Sra López Couto fai uso do seu dereito a réplica para defender que se está a traballar na implementación de novas medidas de apoio, sendo as axudas propostas no concello de Viveiro unha posibilidade, se ben defende que outro tipo de medidas diferentes á entrega de cartos a fondo perdido poden ser máis vantaxosas.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG. O Sr Villamil que mostra a súa conformidade coa proposta feita polo Sr Víctor Couto de traballar en conxunto, se ben denuncia que a vontade do PP coa moción non é a de aportar solución senón a de buscar protagonismo.

Na súa segundo quenda de intervención o voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto, reitera a súa disposición a colaborar na procura de medidas e solucións fronte á situación que se está a vivir.

Finaliza o debate o Sr Alcalde, expoñendo que o seu grupo votará en contra da moción presentada por entender que se presenta tarde, sen motivación e por responsabilidade.

Rematado o debate, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, polo voto en contra dos/as dez (10) concelleiros/as presentes do grupo político PSG-PSOE e BNG, e o voto a favor dos/as sete (7) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e FPF, non se ten acadado a maioría precisa e polo tanto non se acada acordo no presente punto da orde do día.

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE PROPOSTA ALCALDÍA PARA





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE DOTE AOS CONCELLOS DA INFRAESTRUTURA NECESARIA PARA A CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 12 DE XULLO DE 2020.-

A proposta do Alcalde, en aplicación do previsto no artigo 92 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a retirada do asunto da orde do día pola perda do seu obxecto, de xeito que polo voto a favor dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE; BNG e FPF, e a abstención dos/as seis (6) concelleiros/as presentes do grupo político PP, acórdase a retirada do asunto da orde do día.

10.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE PROPOSTA ALCALDÍA PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA A ELABORAR UN PLAN DE CONTINXENCIA PARA CONCELLOS TURÍSTICOS NO CONTEXTO ACTUAL.-

Polo Sr Alcalde, concédese a palabra ao Secretario municipal para dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno de data 28 de maio de 2020 sobre proposta Alcaldía para instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a elaborar un plan de continxencia para Concellos Turísticos no contexto actual, cuxo teor literal é o seguinte:

Estamos inmersos no proceso de desescalada dunha crise sanitaria sen precedentes, causada polos efectos do virus COVID-19. Estamos todos xuntos a loitar contra un inimigo común que produciu un número inasumible de falecidos e sobre o que debemos ter a maior das cautelas: os expertos sanitarios advirten sobre un probable repunte ou novo brote de contaxios, o cal tensionaría de novo o sistema público de saúde que ao noso entender non ten a dimensión suficiente para unha pandemia destas características.

Foz é un concello eminentemente turístico, cunha poboación en época de verán que chega aos 30.000 habitantes. É nesta estación, especialmente nos meses de xullo e agosto, cando o Concello ten que estar preparado para recibir a todos os seus habitantes de tempada, con un incremento de persoal asociado a servizos básicos como a recollida de lixo ou a limpeza viaria.

É endémica a falta de persoal no noso centro de saúde –con un servizo de pediatría que non se cobre a xornada completa- e que se pode converter nun auténtico colapso se atendemos ao aumento de poboación, sumado á cantidade de patoloxías comúns da poboación censada que non se atenderon ou se avaliaron por vía telefónica durante o período de confinamento. O reforzo habitual dun médico para desprazados é claramente insuficiente, tendo en conta que non se cobren as baixas por vacacións do persoal do centro, e os protocolos a aplicar para evitar contaxios condicionarán o servizo. Tamén nos preocupa moito a capacidade e número de camas en planta e UCI do Hospital da Costa, o noso centro hospitalario de referencia e que pese á reforma do edificio non foi dotado de material e persoal humano para atender unha poboación que en verán na Mariña pode superar os 200.000 habitantes. Non sería entendible nin xustificable que en lugar de incrementar o número de camas para atender a un maior número de poboación, se reducise como anos anteriores.



Informados/as os/as Sres./as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as quendas de intervención e, sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno polo voto a favor dos/as seis (6) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e FPF, e a abstencións dos/as tres (3) concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, aproba do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a elaborar un plan de continxencia pormenorizado para os concellos turísticos como Foz ante o aumento poboacional previsto e que este se traslade aos concellos.

SEGUNDO.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a poñer en coñecemento dos concellos de forma diaria os casos positivos de COVID-19 detectados, co obxecto de dispor de datos para poder actuar de forma organizada contra a enfermidade no ámbito das competencias municipais.

TERCEIRO.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a reforzar con medios materiais e humanos suficientes –ao contrario do que vén sendo habitual- o Centro de Saúde de Foz, que nos meses de xullo e agosto atende a unha poboación de 30.000 persoas e ao Hospital da Costa, o noso centro hospitalario de referencia.-

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, defendendo persoalmente a moción presentada.

Informa que durante os meses de verán a vila de Foz chega a triplicar a súa poboación, o que constitúe unha das súas principais fontes de riqueza, se ben nesta ocasión o contexto é distinto, sendo que se está a afrontar o desafío da desescalada programada como consecuencia do virus da COVID-19, e isto require medidas excepcionais.

Expón que á vista dos problemas que tivo o sector da sanidade durante xestión da crise sanitaria nos pasados meses, é preciso que se adopten medidas de reforzo tanto no centro de saúde como no Hospital para poder atender con garantías no seu caso a todos os residentes de Foz durante as vindeiras datas.

Polo grupo municipal do PP, toma a palabra a concelleira D^a Concepción López Seijas, quen defende a xestión da crise sanitaria de Xunta de Galicia, expoñendo para tal fin a entrega de máscaras, luvas e xel hidroalcohólico a favor de residencia, así como, doutros sectores que así o solicitaron; a anticipación na súa xestión fronte ao acontecido noutras comunidades autónomas ou a creación dun plan de reactivación do sector cultural e turístico do que recomenda a súa lectura.

Finaliza a súa intervención, aclarando que dende a Xunta de Galicia se reforzarán os servizos sanitarios da comarca durante o verán, cuestionando que non se faga o mesmo requirimento á Deputación Provincial ou ao Estado.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do BNG, quen denuncia que sería unha irresponsabilidade que non se tomen medidas para evitar problemas futuros en relación co coronavirus baixo o pretexto dunha magnífica xestión por parte da Xunta de Galicia.

Entende que o visitantes da vila de Foz téñense que sentir arroupados, pero non porque en Galicia existiran menos casos, senón porque está preparada para responder de ser preciso.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Pola súa banda, o Sr Víctor Couto, voceiro do grupo municipal de FPF, móstrase a favor da proposta presentada.

Remata o debate o Sr Alcalde, recordando á concelleira López Seijas que a Deputación non ten competencias en materia sanitaria, e denunciando que no centro sanitario de Foz a día de hoxe non existe un local habilitado para illar a un contaxiado pola COVID-19.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a votación ordinaria, o Concello Pleno polo voto a favor dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE; BNG e FPF, e a abstención dos/as seis (6) concelleiros/as presentes do grupo político PP, aproba o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a elaborar un plan de continxencia pormenorizado para os concellos turísticos como Foz ante o aumento poboacional previsto e que este se traslade aos concellos.

SEGUNDO.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a poñer en coñecemento dos concellos de forma diaria os casos positivos de COVID-19 detectados, co obxecto de dispor de datos para poder actuar de forma organizada contra a enfermidade no ámbito das competencias municipais.

TERCEIRO.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a reforzar con medios materiais e humanos suficientes –ao contrario do que vén sendo habitual- o Centro de Saúde de Foz, que nos meses de xullo e agosto atende a unha poboación de 30.000 persoas e ao Hospital da Costa, o noso centro hospitalario de referencia.-

PROPOSTA DE URXENCIA DE ALCALDÍA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA EN DEFENSA DA FACTORÍA DE ALÚMINA-ALUMINIO DE SAN CIBRAO.-

A proposta de Alcaldía, e trala oportuna declaración de urxencia acadada por unanimidade dos dezasete señores/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación ao que se establece no artigo 138 do mesmo corpo regulamentario, éntrase no despacho da seguinte:

“PROPOSTA

Este xoves día 28 de maio de 2020 a compañía multinacional Alcoa, propietaria da factoría de alúmina-aluminio de San Cibrao emitía o seguinte comunicado:

“Alcoa se ha reunido hoy con los representantes de los trabajadores de San Ciprián para informarles de las graves circunstancias y de la situación insostenible por la que atraviesa la planta de aluminio, debido a factores estructurales inherentes y a dificultades de carácter permanente. Estas circunstancias han llevado a Alcoa a contemplar el inicio de un período de consultas para un proceso de despido colectivo. Este proceso afectaría potencialmente hasta a un máximo de 534 empleados.



La Compañía es consciente del posible impacto en los empleados y ha propuesto abrir un período informal de consultas con la representación de los trabajadores, que tendrá una duración aproximada de tres semanas, para explicar la situación de la planta, los retos que afronta y discutir las opciones y medidas. El propósito de esta consulta informal es poder avanzar con los representantes de los trabajadores antes de iniciar un período formal de consultas, que tiene unos plazos concretos.

No se tomará ninguna decisión hasta que el período de consultas haya concluído.

La planta afronta una serie de problemas externos de producción y de mercado que han hecho que la producción de aluminio primario sea ineficiente y la operación de la planta no sea competitiva. Esos problemas estructurales incluyen los altos costes de energía y el bajo precio del aluminio que, junto con el exceso de capacidad global, han causado significativas pérdidas recurrentes, que se prevé que continúen. El Comité de Empresa Europeo ha sido informado del proceso informal de consultas en el curso de una reunión celebrada esta mañana”.

A planta de Alcoa de San Cibrao da emprego a 2000 traballadores de forma directa tendo en conta tamén ás auxiliares e varios miles de forma indirecta. O impacto económico da factoría na bisbarra é excepcional, resultando que unha parte moi importante do PIB da provincia de Lugo corresponde a esta fábrica. Tal e como indica a Dirección da Empresa, as circunstancias do mercado de aluminio internacional cunha sobreabundancia de produto, uns prezos de aluminio en mínimos históricos e un custo de enerxía a nivel nacional moi elevado en comparanza a outros países europeos, provocan que a planta non sexa competitiva. Todo isto, a pesares de que o prezo da enerxía eléctrica está en mínimos e moi por debaixo do custo de outros exercicios.

A factoría precisa un plan de viabilidade a longo prazo cun marco estable e que a multinacional cumpra os seus compromisos. As subvencións ou primas con diñeiro público son aportadas entre todos os contribuíntes e debemos esixir inversións e garantía de emprego estable e de calidade. Calquera solución debe partir da premisa inexcusable da garantía de emprego a longo prazo.

É por iso que os/as concelleiros/as que forman o pleno do concello de Foz expresamos de forma unánime o noso compromiso coa factoría de alúmina-aluminio de San Cibrao e co emprego e, polo tanto, esiximos:

-Que a multinacional Alcoa abandone o plan de desmantelamento da factoría de aluminio e rectifique no proceso de parada de cubas electrolíticas.

-Se convoque de forma urxente a Mesa Multilateral de Alcoa San Cibrao composta polo Goberno de España, Xunta de Galicia, Multinacional Alcoa, Comité de Empresa e Sindicatos con representación, para avanzar nunha solución definitiva para a factoría.

-Que o Goberno do Estado no marco das súas competencias aprobe con carácter urxente unha tarifa eléctrica que recolla o contido das alegacións presentadas na tramitación do Estatuto de Electrointensivas que garanta un prezo estable e competitivo e consolide os empregos na multinacional Alcoa e auxiliares.

-A Xunta de Galicia no marco das súas competencias exclusivas en industria, incentive a renovación e mellora da planta e dos procesos industriais tanto en materia medio ambiental coma en nova tecnoloxías con entes coma o IGAPE.

-No caso de que as anteriores medidas non sexan suficientes para garantir a continuidade da actividade e dos postos de traballo tanto en Alcoa como nas empresas auxiliares, o Goberno do Estado estudie a intervención da empresa.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

-Se retome por parte do Goberno do Estado a necesidade de autorización administrativa previa para tramitar os ERES, de forma que se fixe o obxectivo na garantía do emprego.

Por último queremos expresar o noso apoio unánime a todas as traballadoras e traballadores de Alcoa San Cibrao nestes momentos tan difíciles.

Dáselle traslado deste acordo adoptado por unanimidade no seno da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense “.

Inicialmente o Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal do PP, o Sr Jorge Castiñeira quen fai uso da mesma para defender que o tempo do debate político quedou atrás e que neste momento compre apoiar a defensa do traballo na fábrica.

Pola súa banda, en representación do grupo municipal do BNG toma a palabra o concelleiro Fanego Bermúdez para mostrar o seu agradecemento polas mostras de apoio que están a recibir os traballadores da fábrica, e anuncia que manterán a loita en defensa do traballo.

Por FPF, o Sr Couto transmite o seu apoio aos traballadores de Alcoa e mostra o seu agradecemento a que o PP e o PSOE teñan chegado a un acordo aínda que tristemente sexa nesta situación.

Rematado o debate, e sometida a votación ordinaria a proposta de urxencia, o Pleno municipal pola unanimidade dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, aproba o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Que a multinacional Alcoa abandone o plan de desmantelamento da factoría de aluminio e rectifique no proceso de parada de cubas electrolíticas.

SEGUNDO.- Se convoque de forma urxente a Mesa Multilateral de Alcoa San Cibrao composta polo Goberno de España, Xunta de Galicia, Multinacional Alcoa, Comité de Empresa e Sindicatos con representación, para avanzar nunha solución definitiva para a factoría.

TERCEIRO.- Que o Goberno do Estado no marco das súas competencias aprobe con carácter urxente unha tarifa eléctrica que recolla o contido das alegacións presentadas na tramitación do Estatuto de Electrointensivas que garanta un prezo estable e competitivo e consolide os empregos na multinacional Alcoa e auxiliares.

CUARTO.- A Xunta de Galicia no marco das súas competencias exclusivas en industria, incentive a renovación e mellora da planta e dos procesos industriais tanto en materia medio ambiental coma en nova tecnoloxías con entes coma o IGAPE.

QUINTO.- No caso de que as anteriores medidas non sexan suficientes para garantir a continuidade da actividade e dos postos de traballo tanto en Alcoa como nas empresas auxiliares, o Goberno do Estado estudie a intervención da empresa.



SEXTO.- Se retome por parte do Goberno do Estado a necesidade de autorización administrativa previa para tramitar os ERES, de forma que se fixe o obxectivo na garantía do emprego.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

11.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA ENTRE O 01 DE MARZO DE 2020 ATA O 31 DE MAIO DE 2020.-

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde da conta das resolucións ditadas desde o 01 de marzo de 2020 ao 31 de maio de 2020, que a seguir se transcriben:

NOME	DATA	RESUMO
DECRETO 2020-0238 [RESOLUCION]	31/03/2020 14:40	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 425/2020 -- COMPRA DE 1 PORTATIL LENOVO PARA LA POLICIA LOCAL Y UN PC F-XLINE PARA LA AEDL --
DECRETO 2020-0237 [RESOLUCION]	30/03/2020 14:29	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 425/2020 -- COMPRA DE 1 PORTATIL LENOVO PARA LA POLICIA LOCAL Y UN PC F-XLINE PARA LA AEDL --
DECRETO 2020-0236 [DECRETO APROB.FAC 15.EXPD 415-2020.CONTRAT O MENOR 57-2020.]	30/03/2020 14:29	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 415/2020 -- APROB.RELAC FACT 15. CONTRATO MENOR COLEX Nº1. EXP 57/2020 -- DECRETO APROB.FAC15
DECRETO 2020-0235 [Resolución]	30/03/2020 14:27	SIA 1001340 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 401/2020 -- ACTUACIONES COVID-19 --
DECRETO 2020-0234 [FISCALIZACIÓN RELAC.FACT.15. EXPDT 415-2020.CONTRAT O MENOR PAVIMENTACIÓN E XOGOS COLX Nº1. 57-2020.]	30/03/2020 13:00	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 415/2020 -- APROB.RELAC FACT 15. CONTRATO MENOR COLEX Nº1. EXP 57/2020 -- fiscalización contrato menor de obras, con observacións.
DECRETO 2020-0233 [RESOLUCIÓN PAGO TRIMESTRAL DO PRÉSTAMO]	30/03/2020 9:46	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 424/2020 -- APROBACIÓN PAGO COTA TRIMESTRAL DO PRÉSTAMO (AVDA.ÁLVARO CUNQUEIRO) BANCO SABADELL. --
DECRETO 2020-0232 [DECRETO APROB.FACT Nº 14 E 16. EXPD 414-2020. CON IR 19 E 20-2020]	27/03/2020 14:50	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 414/2020 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 14 E 16 --
DECRETO 2020-0231 [DECRETO]	27/03/2020 14:45	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 373/2020 -- S1511001H Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia -- NOMINA MARZO 2020 --
DECRETO 2020-0230 [RESOLUCION ALCALDIA]	27/03/2020 14:44	SIA 1001291 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 422/2020 -- XXXXXXXXXX -- reclamación débeda e alta ao propietario actual XXXXXXXXXX
DECRETO 2020-0229 [Resolución adxudicación]	26/03/2020 14:16	SIA 1001415 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 265/2020 -- Múltiples interesados -- CONTRATO MENOR SERVICIOS. LIMPEZA COLECTORES E REPARACION RÚA MURGUIA ATA EDAR FOZ -- Resolución adxudicación
DECRETO 2020-0228 [Resolución corrección decreto 2020-0217]	24/03/2020 13:47	SIA 1001415 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 1000/2019 -- Múltiples interesados -- Contrato "Reforma iluminación pública urbana". Plan único 2019 -- Corrección erro decreto adxudicación





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DECRETO 2020-0227 [RESOLUCION REXISTRO]	24/03/2020 8:55	SIA 1001287 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 390/2020 -- XXXX-- LICENZA inscrición animal
DECRETO 2020-0226 [RESOLUCION REXISTRO]	23/03/2020 14:29	SIA 1001287 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 390/2020- XXXXX- LICENZA inscrición animal Rexistro
DECRETO 2020-0225 [Rectificación padrón outubro - novembro e decembro 2019]	23/03/2020 14:27	TESORERÍA -- Expediente 16/2020 -- B27357391 IG10 GESTION SERVICIOS, S.L. -- Aprobación padróns escolas deportivas outubro, novembro e decembro 2019 . Rectificación
DECRETO 2020-0224 [RESOLUCION]	23/03/2020 10:09	SIA 1001287 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 390/2020 --XXXXX -- LICENZA --
DECRETO 2020-0223 [RESOLUCION]	23/03/2020 10:09	SIA 1001287 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 391/2020 -- XXXXX -- LICENZA--
DECRETO 2020-0222 [20200318_Resolución n_Resolución de alcaldía comisión seguimento COVID-19]	18/03/2020 14:52	SIA 1001340 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 394/2020 -- COMISIÓN SEGUIMIENTO COVID-19 -- Creación e convocatoria
DECRETO 2020-0221 [Resolución de alcaldía]	18/03/2020 14:51	SIA 1001415 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 393/2020 -- CONTRATACIÓN DE EMERXENCIA POR CRISE DO COVID-19 --
DECRETO 2020-0220 [RESOLUCION]	18/03/2020 14:47	SIA 1001287 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 383/2020 -- Gerencia Territorial de Justicia de Galicia en A Coruña, XXXXX -- RENOVACION LICENZA --
DECRETO 2020-0219 [DECRETO APROB. FACT 12 E 13. EXPD 380-2020. IR 17]	17/03/2020 20:39	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 380/2020 -- APROBACIÓN RELACIÓN 12 (ALDRO) E RELACIÓN 13 -- RELACIÓN FACTURAS 12 E 13
DECRETO 2020-0218 [DECRETO DIETAS GRUPO 2-2020]	17/03/2020 20:38	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 33/2020 -- Múltiples interesados -- DIETAS 2020 --
DECRETO 2020-0217 [Resolución adxudicación]	17/03/2020 20:36	SIA 1001415 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 1000/2019 -- Múltiples interesados -- Contrato "Reforma iluminación pública urbana". Plan único 2019 -- Resolución adxudicación
DECRETO 2020-0216 [RESOLUCION ALCALDIA]	17/03/2020 20:34	SIA 1001275 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 304/2020 --XXXXX -- BAIXA TAXA LIXO SAN MARTIÑO --
DECRETO 2020-0215 [RESOLUCIÓN ALCALDIA NOMEAMENTO ENCOMENDA DE XESTION]	16/03/2020 11:03	Resolución Alcaldía nomeamento encomenda de xestión P.A. núm. 0000442/2019/J, interposto por XXX contra Concello de Foz.
DECRETO 2020-0214 [DECRETO PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO 2021-2023.]	12/03/2020 13:46	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 149/2020 -- REMISIÓN DE INFORMACIÓN 2020 --
DECRETO 2020-0213 [DECRETO Ordenación de pago,relación 10 EXP 342-2020.]	11/03/2020 14:58	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 342/2020 -- APRB.RELAC.FRAS 10. CONTRATO MENOR SEÑALIZACIÓN.EXPD 1336/2019 --
DECRETO 2020-0212 [DECRETO Ordenación de	11/03/2020 14:58	SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 343/2020 -- APROB.RELAC FAC 11.ABERTO SIMPLIF.VALLAS.EXPD 987/2019 --



pago,relación	11	
EXPD 343-2020]		
DECRETO		SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 442/2019 -- S2826001F Oficina Nacional de
2020-0211		Auditoría (O.N.A.) - División V: Auditoría Operativa y Control Financiero de Sub -- BASE DE DATOS
[DECRETO DE	11/03/2020 14:54	NACIONAL DE SUBVENCIONES. --
NOMEAMENTO DOS		
EDITORES PARA AS		
SUBVENCIONS.]		
DECRETO		
2020-0210		
[DECRETO	11/03/2020 12:03	SIA 1001319 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 361/2020 -- PAGOS DOMICILIADOS 2020 --
[DECRETODECRET		
O DOMICILIADOS		
XANEIRO 2020]		
DECRETO		
2020-0209		
[Resolución	de 11/03/2020 12:02	TESORERÍA -- Expediente 300/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con vallas...
Alcaldía]		febreiro --
DECRETO		
2020-0208		
[Resolución	de 11/03/2020 12:01	SIA 1001164 -- TESORERÍA -- Expediente 257/2020 -- B27227388 CARFERLO SL --
Alcaldía]		DEVOLUCIÓN AVAL OBRA REPARACIÓN ESPACIOS PÚBLICOS TRAS AS TORRES. CONST. CARFERLO, S.L. --
DECRETO		
2020-0207		
[RESOLUCION	10/03/2020 21:26	SIA 1001241 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 1402/2019- XXX- SOLICITUDE DE XXX
ALCALDIA SOBRE		RECOÑECEMENTO DE SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO DE FOZ CON
RECOÑECEMENTO		ANTERIORIDADE A MARZO DE 2009 --
S SERVICIOS		
PREVIOS DE XXX		
DECRETO		
2020-0206		
[Resolución Alcaldía]	09/03/2020 22:02	TESORERÍA -- Expediente 299/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con mesas e
DECRETO		cadeiras.... febreiro --
2020-0205		
[Resolución	de 09/03/2020 21:51	SIA 1001164 -- TESORERÍA -- Expediente 233/2019 -- B80183916 COMFICA SOLUCIONES
Alcaldía]		INTEGRALES, S.L.,-- Devolución garantía por contrato renovación alumado público de COMFICA
DECRETO		--
2020-0204		
[RESOLUCIÓN		
ALCALDIA		
NOMEAMENTO DOS	09/03/2020 21:48	SIA 1001515 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 894/2019 -- Múltiples interesados -- Pleno
REPRESENTANTES		organizativo de FOZ --
MUNICIPAIS NOS		
DIFERENTES		
ÓRGANOS		
COLEXIADOS]]		
DECRETO		
2020-0203		
